

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18986 *ORDE APA/3605/2004, do 4 de novembro, pola que se establecen medidas específicas de protección contra a lingua azul. («BOE» 268, do 6-11-2004.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista A do Código zoosanitario internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE). A súa propagación supón un perigo grave para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, aplicado pola Comunidade Autónoma de Andalucía, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte oriental da provincia de Cádiz. A Decisión 2004/697/CE, da Comisión, do 14 de outubro de 2004, relativa a determinadas medidas de protección contra a febre catarral ovina ou lingua azul en España, prohibiu o movemento de animais desde numerosas comarcas veterinarias de Andalucía cara á Unión Europea. Sen prexuízo da dita decisión comunitaria, a extensión da enfermidade en España fai necesario e urxente adoptar unha serie de medidas que impidan a súa extensión, ao tempo que se facilite o control e loita contra esta. Estas medidas aplicaranse durante un breve período, á espera de novas decisións das autoridades comunitarias ao respecto, e da evolución da enfermidade.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoosanitario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar, entre outras medidas, a prohibición cautelar do movemento e transporte de animais e produtos de orixe animal ou subprodutos de explotación, nunha zona ou territorio determinados ou en todo o territorio nacional, prohibición cautelar da entrada ou saída daqueles en explotacións, ou a súa inmovilización cautelar en lugares ou instalacións determinados; prohibición ou limitacións da saída ou exportación do territorio nacional, de animais, produtos de orixe animal, produtos zoosanitarios e produtos para a alimentación animal, ou o cambio ou restricións do seu uso ou destino, con ou sen transformación; e, en xeral todas aquelas medidas, incluídas a desinfección ou desinsectación, precisas para previr a introdución no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria, en especial daquelas de alta difusión, ou a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados, así como en situacións de grave risco sanitario.

Mediante a orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español, especificamente prohibicións ou restricións ao movemento de animais, así como unhas determinadas condicións nos casos en que o dito movemento

se permite, ao amparo do disposto no artigo 30 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, que indica que se poderán establecer prohibicións ou restricións á importación, exportación ou tránsito por razóns de protección da saúde e vida dos animais.

Á vista da evolución da enfermidade, e no que afecta o movemento de animais de especies sensibles, realízase a avaliación do risco exixida na Decisión 2003/828/CE, da Comisión, do 25 de novembro de 2003, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina, seguindo o criterio ao respecto do grupo de expertos previsto no Plan de Intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro. De acordo con isto, introducíronse certas modificacións nas zonas de risco sanitario establecidas na orde APA/3411/2004, que foron consensuadas no Comité do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria.

Así mesmo, ampliáanse os movementos permitidos de animais de especies sensibles nas zonas de risco sanitario e entre estas e a zona libre, establecéndose, non obstante, garantías adecuadas para impedir a extensión da enfermidade. No demais, mantense practicamente sen cambios o resto de medidas previstas na mencionada orde APA/3411/2004. Razóns de seguridade xurídica aconsellan, dado o alcance das modificacións, a aprobación dunha nova orde, que derroga a anterior, o que facilitará a súa aplicación.

Na súa virtude, e ao amparo do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto desta orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e no artigo 2 o Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Zona restrinxida: a Comunidade Autónoma das Illes Balears, a Comunidade Autónoma de Extremadura, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

1. Comunidade Autónoma de Andalucía: as provincias de Cádiz, Málaga, Huelva, Sevilla e Córdoba; e as comarcas veterinarias de Jaén e Andújar na provincia de Jaén.

2. Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha: as comarcas veterinarias de Oropesa, Belvís de la Jara, Talavera de la Reina e Los Navalmorales, da provincia de Toledo; e as comarcas veterinarias de Horcajo de los Montes, Piedrabuena, Almadén e Almodóvar del Campo, da provincia de Ciudad Real.

b) Zona de seguridade: as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

1. Comunidade Autónoma de Andalucía: as provincias de Granada, Almería e as comarcas veterinarias da provincia de Jaén, non incluídas na zona restrinxida.

2. Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha: as comarcas veterinarias das provincias de Toledo e Ciudad

Real, non incluídas na zona restrinxida e a provincia de Albacete.

3. Comunidade Autónoma de Castilla y León: as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candelada e Sotillo de la Adrada, da provincia de Ávila.

c) Zona libre: o resto do territorio nacional.

3. Así mesmo, e para efectos do disposto nesta orde, os movementos de reses de lida desde explotacións situadas na zona de seguridade ou na zona restrinxida, con destino a espectáculos taurinos clasificados como corridas de touros e novilladas, terán a consideración de movementos a matadoiro.

Artigo 3. Zona restrinxida.

1. Poderanse autorizar os seguintes movementos de animais de especies sensibles de explotacións radicadas na zona restrinxida:

a) Movementos para vida.

1. Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para vida ao resto do territorio nacional, coas condicións que establece para o efecto a Decisión 2003/828/CE, da Comisión, do 25 de novembro de 2003, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina. A este respecto, os ditos animais deberán estar marcados de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado membro da Unión Europea.

2. A autoridade competente da Comunidade Autónoma poderá autorizar o movemento para vida dentro do seu territorio, na zona restrinxida, coas condicións que estableza a autoridade competente en sanidade animal da dita comunidade. O movemento cara á zona restrinxida doutra comunidade autónoma quedará supeditado ao cumprimento das condicións establecidas no parágrafo 1., a excepción da marcaxe dos animais.

b) Movementos para sacrificio.

1. Os animais das especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover para o seu sacrificio nun matadoiro situado na zona restrinxida da Comunidade Autónoma de orixe, ou logo de comunicación á autoridade competente de destino cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a zona restrinxida doutra comunidade autónoma, co cumprimento das condicións establecidas nas letras a) a d), ambas inclusive, da epígrafe 3 deste punto 3.

2. Así mesmo, logo de notificación á autoridade competente de sanidade animal da Comunidade Autónoma de destino cunha antelación mínima de corenta e oito horas, os ditos animais poderanse sacrificar en matadoiros situados en zona libre co cumprimento das condicións establecidas nas alíneas a) a d), ambas inclusive, do punto 3 deste artigo 3, e en matadoiros de zona de seguridade co cumprimento das condicións establecidas nas alíneas a) a f), ambas inclusive, do punto 3 deste artigo 3.

Cando este movemento a matadoiro se refira a reses de lida, todos os animais sensibles da partida serán sacrificados na praza de destino, e os animais de especies sensibles e os da especie equina, que vaian entrar en contacto coa dita partida de animais de lida, deberán ter sido previamente desinsectados. Os animais serán confinados en currais pechados ata o momento da lida. Estes movementos serán notificados á autoridade competente de sanidade animal da Comunidade Autónoma de destino e precisarán autorización desta. Os ditos movementos cumpriran as condicións establecidas no punto 3 deste artigo 3.

2. Prohíbese a entrada e a saída de animais de especies sensibles a explotacións localizadas no raio de 20 km ao redor dos focos.

3. As condicións para o movemento permitido dos animais serán sen prexuízo das previstas na normativa vixente, polo menos, as seguintes:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente, nas horas centrais do día/noite, e en todo caso fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais serán transportados directamente ao matadoiro para o seu sacrificio inmediato, en vehículos precintados pola autoridade competente, baixo supervisión oficial, quedando prohibido o movemento a pé dos animais das especies sensibles. A autoridade competente responsable do matadoiro será informada da intención de enviar animais a este e de notificaralle a súa chegada á autoridade competente en materia de expedición.

e) Cando os movementos para sacrificio teñan por destino matadoiros ou prazas de touros localizados fóra da zona restrinxida, no matadoiro ou praza de touros de destino así como na explotación de orixe, terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores onde vaian permanecer os animais.

f) Os animais obxecto de movemento terán sido desinsectados coa antelación precisa, tendo en conta o período de supresión do produto empregado.

4. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, ou como documentación adxunta a este, constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, nos casos en que así proceda, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos ditos animais, da desinsectación (incluído o produto usado, data de aplicación e, se é o caso, tempo de espera), así como a identificación do recinto do medio de transporte.

Artigo 4. Zona de seguridade.

1. Os movementos permitidos de animais de especies sensibles de explotacións localizadas na zona de seguridade, logo de comunicación á autoridade competente en materia de sanidade animal da Comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de corenta e oito horas, son os seguintes:

a) Movementos autorizados para vida.

1. A autoridade competente dunha comunidade autónoma poderá autorizar o movemento para vida dentro do seu territorio situado en zona de seguridade, coas condicións que estableza a autoridade competente en sanidade animal da dita comunidade.

2. Os movementos de animais para vida con destino a explotacións situadas dentro da zona de seguridade, pero en distinta comunidade autónoma, a zonas libres, ao resto do territorio da Unión Europea ou a países terceiros, realizaranse coas seguintes condicións:

2.1 Os animais que se trasladen para vida deberán ser analizados, e obter resultado negativo, mediante as técnicas de ELISA e RT-PCR, con antelación ao movemento, nun número tal que asegure, polo menos, o achado dun animal infectado cunha prevalencia do 30 %, cun intervalo de confianza do 95 %.

2.2 Todos os animais obxecto do traslado deberán permanecer confinados en espazos pechados ou ser desinsectados no momento da toma de mostras, co

obxecto de quedaren protexidos dos vectores entre o período da toma de mostras e a carga.

2.3 Os animais serán transportados en vehículos precintados pola autoridade competente, baixo supervisión oficial.

b) Movements autorizados para sacrificio.

Os animais das especies sensibles de explotacións situadas na zona de seguridade poderanse mover para o seu sacrificio en matadoiro, con independencia da zona en que estea situado.

2. Os movementos desde a zona de seguridade ou dentro desta levaranse a cabo en vehículos precintados e nas condicións previstas no punto 3 do artigo 3, coa excepción das recollidas nas alíneas d), e) e f) cando se trate de animais para vida. No caso de reses de lida realízanse, ademais, nas condicións previstas no artigo 3.1 para o movemento para sacrificio nun espectáculo tau-rino de reses de lida procedentes dunha zona restrinxida.

3. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, ou como documentación adxunta a este, constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, nos casos que así proceda, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos ditos animais, da desinsectación (incluído o produto usado, data de aplicación e, se é o caso, tempo de espera), así como a identificación do recinto do medio de transporte.

Artigo 5. *Zona libre.*

Os movementos de saída ou dentro da dita zona de animais de especies sensibles, tanto para vida como para sacrificio, non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul, a excepción do establecido no punto 2 do artigo 3.

Artigo 6. *Animais das especies equinas.*

Para os movementos de animais das especies equinas, con orixe ou destino en explotacións das zonas restrinxidas ou de seguridade, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Os animais obxecto de movemento terán sido desinsectados coa antelación precisa. Así mesmo, os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

b) A carga e o transporte dos animais realizarase fóra das horas de máxima actividade do vector.

Artigo 7. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto nesta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición derogatoria. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde, e, en especial, a orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa e título competencial.*

Esta orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación

xeral da sanidade, a excepción da regulación relativa para os movementos con países terceiros, que se dita de acordo co previsto no artigo 149.1.16., primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia das medidas.*

As medidas dispostas nesta orde quedarán sen efecto a partir do 25 de novembro de 2004.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de novembro de 2004.

ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

19070 *REAL DECRETO 2097/2004, do 22 de outubro, polo que se apraza, para determinados equipamentos, a data de aplicación do Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE do Consello, do 29 de abril de 1999, relativa aos equipamentos a presión transportables. («BOE» 270, do 9-11-2004.)*

O artigo 17.2 da Directiva 1999/36/CE do Consello, do 29 de abril de 1999, sobre equipamentos a presión transportables, prevé que a data de aplicación da directiva se deberá aprazar no que se refire a determinados equipamentos a presión transportables respecto dos cales non existan prescricións técnicas detalladas ou non se incorporasen suficientes referencias ás normas europeas pertinentes, nos anexos das Directivas 94/55/CE do Consello, do 21 de novembro de 1994, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros con respecto ao transporte de mercadorías perigosas por estrada, incorporada ao dereito español mediante o Real decreto 2115/1998, do 2 de outubro, e 96/49/CE do Consello, do 23 de xullo de 1996, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas ao transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril, incorporada ao dereito español mediante o Real decreto 2225/1998, do 19 de outubro.

Con data 18 de xullo de 2003, a Comisión Europea adoptou unha decisión pola cal, en aplicación do artigo 17.2 citado, se apraza a data de aplicación da Directiva 1999/36/CE para determinados equipamentos a presión transportables.

A citada directiva, incorporada ao dereito español mediante o Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, prevé na súa disposición transitoria segunda a non aplicación aos equipamentos a presión transportables para os cales non existan prescricións técnicas detalladas ou non se incorporasen ao Acordo Europeo sobre transporte internacional de mercadorías por estrada e os seus anexos (ADR) e ao Regulamento relativo ao transporte internacional por ferrocarril de mercadorías perigosas (RID) as suficientes referencias ás normas europeas pertinentes cando así o determine o comité que asistirá á Comisión Europea.